

Información xeral dos Certificados de lingua galega (Celga)

CALES SON OS NIVEIS OFICIAIS DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA?

Existen cinco niveis oficiais de coñecemento da lingua galega, e os seus correspondentes certificados, que teñen a seguinte denominación:

Celga 1	Competencia no uso da lingua para satisfacer as necesidades máis básicas
Celga 2	Competencia no uso da lingua suficiente para intervir nun conxunto variado de situacións de comunicación con relativa seguridade e eficacia
Celga 3	Competencia no uso da lingua que permite empregala cun grao importante de corrección normativa sobre temas diversos
Celga 4	Competencia no uso da lingua suficiente para expresarse con fluidez, espontaneidade e corrección na maior parte das situacións comunicativas
Celga 5	[Este nivel non é esixible nin puntuable para procesos selectivos que non sexan específicos de lingua] Competencia no uso da lingua suficiente para desenvolverse sen dificultades e con corrección en calquera tipo de situación de comunicación, desde a máis informal ata a máis formal

COMO PODO OBTEN UN CERTIFICADO CELGA?

Os certificados Celga poden obterse de dúas maneiras: mediante a **superación das probas** que convoca a Xunta de Galicia (ás que poden presentarse persoas maiores de 16 anos) ou mediante a **validación** por estudos, de acordo co seguinte cadro:

Pódese solicitar a validación dos Celga de acordo co seguinte cadro-resumo, segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os Celga (DOG do 30 de xullo) e a modificación publicada no DOG do 19 de febreiro de 2014	
Celga 1	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para persoas estranxeiras impartido polas universidades de Galicia. ➤ Certificado do curso de lingua galega para non galego-falantes impartido polas universidades galegas. ➤ Certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED. ➤ Nivel A2 de galego da Escola Oficial de Idiomas. ➤ Aquelas persoas que cursasen e superasen en Galicia de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos da educación primaria ou en seis cursos da EXB.
Celga 2	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos devanditos estudos. ➤ Aquelas persoas que obteñan o título de graduado escolar por equivalencia para efectos académicos cos estudos de 2º da ESO, sempre que se cursase e aprobase a materia de lingua galega en todos os cursos. ➤ Aquelas persoas que cursasen e superasen en Galicia de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos da educación primaria e mais en dous cursos da ESO ➤ Certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para persoas estranxeiras impartido polas universidades de Galicia. ➤ Certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED. ➤ Certificado de ter cursadas e aprobadas as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria.
Celga 3	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos devanditos estudos. ➤ Aquelas persoas que teñan aprobado o ámbito de comunicación ou lingüístico-social –no que estea incluída a materia de lingua galega– en todos os cursos académicos da etapa de educación secundaria para persoas adultas da educación básica para adultos, nas probas libres, no Programa de diversificación curricular ou no Programa de cualificación profesional e que estean en posesión do título de graduado en ESO. ➤ Certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas. ➤ Certificado de ter cursadas e aprobadas as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato nos centros do Bierzo e Sanabria.
Celga 4	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Título de bacharelato (LOXSE ou BUP) ou técnico/a de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos devanditos estudos. ➤ Certificación do curso de especialización en lingua galega para profesorado de EXB. ➤ Nivel C1 de galego da Escola Oficial de Idiomas.
Celga 5	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Título de licenciado/a en Filoloxía Galega ou títulos de grao en Lingua e Literatura Galega, en estudos de Galego e Español e en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios. ➤ Título de licenciatura, diplomatura ou equivalente, sempre que se acompañe de certificación de que se cursaron, polo menos, 18 créditos de lingua galega, e se estea en posesión do Celga 4. ➤ Nivel C2 de galego da Escola Oficial de Idiomas.
Equivalencias	Para o acceso e valoración de méritos na función pública galega a certificación do curso de iniciación terá a mesma validez que a do Celga 3 , e a do curso de perfeccionamento a mesma validez que a do Celga 4 .

HAI CURSOS PREPARATORIOS PARA AS PROBAS?

Si. Desde o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo infórmase e xestiónanse cursos preparatorios que convoca a Xunta para as probas de obtención dos distintos niveis dos Celga. Estes cursos teñen unha duración de 70 horas, son gratuítos e pola participación non se expide ningún tipo de certificado de asistencia.

A convocatoria depende dos prazos da Xunta, pero pódese solicitar información no SNL do Concello de Carballo.

+Info e materiais sobre os Celga: <http://www.xunta.es/linguagalega/celga>